Ao abeiro desta orde, subvencionaranse a adquisición e a instalación de valados fixos, cuxa adquisición se faga, en todos os casos, con posterioridade á publicación desta orde.

En todo caso, a contía da subvención non poderá ser nunca superior ao custo da actuación subvencionable.

**Convoca:** Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

**Prazo:** Un mes que se contará desde o día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

**ORDE do 3 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas aos custos derivados da contratación de persoas coidadoras do gando en gandarías, como medida de**

## CONVOCATORIAS

**prevención dos danos que poida ocasionar o lobo, e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento MT809G). (Diario Oficial de Galicia, Num: 246, 23-12-2024, Páx: 67157)**

**Destinatarios:** Poderanse acoller a estas axudas as persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións gandeiras do tipo de gando bovino, ovino, cabrún e equino que figuren incluídas no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (REGA) de Galicia.

**Obxecto:** O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras para a concesión de axudas para a contratación de persoas coidadoras de gando en explotacións gandeiras para pastoreo e manexo do gando como medida preventiva dos danos que poida ocasionar o lobo, e proceder á súa convocatoria para o exercicio orzamentario do ano 2025 (procedemento MT809G).

**Convoca:** Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

**Prazo:** Un mes que se contará desde o día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

**ORDE do 28 de novembro de 2024 pola que se aproban as bases e a convocatoria para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia para o ano 2025 (código de procedemento MT821A). (Diario Oficial de Galicia, Num: 248, 26-12-2024, Páx: 67402)**

**Destinatarios:** 1. Entidades locais.  
2. Entidades empresariais.  
3. Persoas físicas.  
4. Institucións sen fins de lucro.  
5. As entidades de dereito público.

**Obxecto:** O obxecto desta orde é o de establecer as bases reguladoras e a convocatoria das axudas na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia para o ano 2025 (código de procedemento administrativo MT821A).

De acordo coa Lei 15/2002 pola que se declara o Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, entenderase por área de influencia socioeconómica do parque nacional a área ocupada polos concellos que teñen parte da súa superficie no parque nacional, é dicir, a superficie dos concellos de Bueu, Ribeira, Vilagarcía de Arousa e Vigo.

**Convoca:** Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

**Prazo:** Un mes a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

**ORDE do 3 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para tripulantes de buques pesqueiros, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), e se convoca para o ano 2025 o dito procedemento, tramitado como expediente anticipado de gasto (código de procedemento PE119A). (Diario Oficial de Galicia, Num: 243, 18-12-2024, Páx: 66225)**

**Destinatarios:** Consultar os artigos 5 e 6 desta Orde.



## CONVOCATORIAS

**Obxecto:** Esta orde ten por obxecto establecer a convocatoria para o ano 2025 e as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas destinadas a tripulantes de buques pesqueiros para promover as actividades pesqueiras que sexan económica, social e ambientalmente sustentables.

O código do procedemento administrativo regulado por esta orde é o PE119A.

**Convoca:** Consellería do Mar

**Prazo:** Un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde

**ORDE do 17 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal para a implantación de recollidas separadas de biorresiduos, aceites de cociña usados e téxtiles, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrència non competitiva por anticipado de gasto para o ano 2025 (código de procedemento MT975T).** (Diario Oficial de Galicia, Num: 250, 30-12-2024, Páx: 68260)

**Destinatarios:** As entidades locais municipais, supramunicipais e agrupacións de entidades locais de Galicia.

**Obxecto:** Regular a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, de axudas ás entidades locais e agrupacións de entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, en concreto, as previstas para á implantación, ampliación e/ou mellora da recollida separada dos biorresiduos ou da compostaxe in situ, implantación e ou mellora da recollida separada de aceite de cociña usado e téxtiles, ao tempo que se fai pública a súa convocatoria por anticipado de gasto para o ano 2025.

**Convoca:** Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

**Prazo:** Un mes, e iníciase en 7 días hábiles a partir do día seguinte ao da súa publicación no DiOG.

**ORDE do 3 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para as persoas titulares de terreos cinexéticos ordenados, destinadas ao fomento da riqueza e xestión dos recursos cinexéticos, e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento MT723A).** (Diario Oficial de Galicia, Num: 245, 20-12-2024, Páx: 66812)

**Destinatarios:** As persoas titulares de terreos cinexéticos ordenados (tecor) de Galicia, como as agrupacións destes que, mesmo carecendo de personalidade xurídica, fagan unha solicitude conxunta.

**Obxecto:** Establecer un réxime de axudas destinadas ás persoas titulares de terreos cinexéticos ordenados (tecor) de Galicia.

**Convoca:** Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático



## CONVOCATORIAS

**Prazo:** Un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

**ORDE do 23 de decembro de 2024 pola que se publica a ampliación do crédito da Orde do 19 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos producidos polo xabaril nos cultivos agrícolas e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento MT809E). (Diario Oficial de Galicia, Num: 248, 26-12-2024, Páx: 67460)**

**Destinatarios:** Consultar a Orde do 19 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras, publicada no Diario Oficial de Galicia do 17 de xaneiro de 2023.

**Obxecto:** Consultar a Orde do 19 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras, publicada no Diario Oficial de Galicia do 17 de xaneiro de 2023.

**Convoca:** Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

**Prazo:** Consultar a Orde do 19 de decembro de 2023

**ORDE do 17 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da Unión Europea no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva por anticipado de gasto para o ano 2025 (código de procedemento MT975U). (Diario Oficial de Galicia, Num: 250, 30-12-2024, Páx: 68334)**

**Destinatarios:** Entidades locais municipais, supramunicipais e agrupacións de entidades locais de Galicia.

**Obxecto:** Regular a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas ás entidades locais e agrupacións de entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, en concreto, para a mellora dos puntos limpos fixos, a adquisición de puntos limpos de proximidade, a adquisición de puntos limpos móbiles así como o fomento da preparación para a reutilización e a autorreparación (PxR), ao tempo que se fai pública a súa convocatoria por anticipado de gasto para o ano 2025.

**Convoca:** Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

**Prazo:** Un (1) mes, a contar dende o día seguinte á publicación da convocatoria no DOG.

**ORDE do 22 de novembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para a adquisición de vehículos adaptados a persoas con mobilidade reducida (Eurotaxi), vehículos taxi de emisións cero e vehículos taxi eco, e se convocan para o exercicio 2025 (tramitación anticipada) (código de procedemento IF303A). (Diario Oficial de Galicia, Num: 236, 09-12-2024, Páx: 64424)**

## CONVOCATORIAS

**Destinatarios:** Persoas físicas titulares de autorizacións administrativas de transporte vixentes, documentadas en tarxetas da serie VT-N, expedidas pola Dirección Xeral de Mobilidade ou polos servizos de mobilidade competentes.

**Obxecto:** Fixar as bases reguladoras para a concesión de axudas a persoas titulares de autorizacións de transporte da serie VT-N para a adquisición de vehículos taxi adaptados a persoas con mobilidade reducida (Eurotaxi), vehículos taxi de emisións cero e vehículos taxi do tipo eco; así mesmo, por medio desta orde convócanse as ditas subvencións para o ano 2025

**Convoca:** Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

**Prazo:** Desde o día seguinte ao da publicación desta orde no DOG ata o 14 de outubro de 2025.

**ORDE do 17 de decembro de 2024 pola que se publica a ampliación do crédito da Orde do 19 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos producidos polo lobo e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento MT809B) (Diario Oficial de Galicia, Num: 245, 20-12-2024, Páx: 66901)**

**Destinatarios:** Consultar a Orde do 19 de decembro de 2023.

**Obxecto:** Amplíase a dotación orzamentaria asignada para a concesión das axudas establecidas Orde do 19 de decembro de 2023.

**Convoca:** Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

**Prazo:** Consultar a Orde do 19 de decembro de 2023.

**RESOLUCIÓN do 26 de decembro de 2024 pola que se amplía o prazo de presentación de solicitudes recollido na Resolución do 26 de xullo de 2021 pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa de incentivos á mobilidade eléctrica (programa Moves III) no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (códigos de procedemento IN421Q e IN421R). (Diario Oficial de Galicia, Num: 250, 30-12-2024)**

**Destinatarios:** Consultar a Resolución do 26 de xullo de 2021.

**Obxecto:** Consultar a Resolución do 26 de xullo de 2021.

**Convoca:** Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

**Prazo:** Rematará o 30 de xuño de 2025.

**ORDE do 17 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a pemes, autónomos, asociacións e fundacións de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-**

## CONVOCATORIAS

**NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva por anticipado de gasto para o ano 2025 (código de procedemento MT975V).** (Diario Oficial de Galicia, Num: 250, 30-12-2024, Páx: 68177)

**Destinatarios:** Consultar o Artigo 2. Persoas beneficiarias

**Obxecto:** Regular a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a pequenas e medianas empresas, autónomos, asociacións e fundacións da Comunidade Autónoma de Galicia para a construción e ampliación de instalacións de preparación para a reutilización (en diante PxR) de residuos domésticos recollidos separadamente (RAEE, téxtiles, etc.) e construción de instalacións de reciclado de residuos téxtiles ao tempo que se fai pública a súa convocatoria por anticipado de gasto para o ano 2025.

**Convoca:** Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

**Prazo:** Un (1) mes, a contar dende o día seguinte á publicación da convocatoria no DOG.

**ORDE do 26 de novembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades colaboradoras de pesca continental para o fomento da riqueza piscícola e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento MT808A).** (Diario Oficial de Galicia, Num: 237, 10-12-2024, Páx: 64637)

**Destinatarios:** Persoas xurídicas que teñan o nomeamento de entidade colaboradora de pesca continental.

**Obxecto:** Establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas para actividades e investimentos de fomento da riqueza piscícola e realizar a súa convocatoria para o ano 2025 (procedemento MT808A).

**Convoca:** Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

**Prazo:** Un (1) mes contado desde o día seguinte ao de publicación desta orde no DOG.

**ORDE do 26 de novembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a prevención dos danos que causan determinadas especies de fauna silvestre e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento MT809D).** (Diario Oficial de Galicia, Num: 237, 10-12-2024, Páx: 64671)

**Destinatarios:** Consultar o Artigo 3. Persoas beneficiarias e requisitos

**Obxecto:** Establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas a favor das persoas titulares de explotacións agrícolas e/ou gandeiras afectadas polos ataques de especies de fauna silvestre (lobo, oso e xabaril), coa finalidade de fomentar a aplicación de medidas de protección, para o que se incentivará a adquisición de elementos preventivos dos danos que poidan ocasionar estas especies, procedendo á súa convocatoria para o ano 2025 (procedemento MT809D).

**Convoca:** Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

**Prazo:** Un mes, que se contará desde o día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

Estatal

## CONVOCATORIAS

**Extracto da Resolución do 27 de decembro de 2024, Secretaría Xeral de Coordinación Territorial, que aproba a convocatoria de subvencións para a recuperación de danos en infraestruturas municipais e rede viaria provincial e insular, previstas no ACM do 1 de outubro de 2024 que declara ZAGEPC o territorio afectado como consecuencia dos incendios forestais, inundacións e outros fenómenos de distinta natureza acaecidos entre o 27 de febreiro de 2024 e o 14 de setembro de 2024 (Boletín Oficial del Estado, Num: 315, 31-12-2024, Páx: 75232)**

**Destinatarios:** Convócanse subvencións para a recuperación de danos en infraestruturas municipais e rede viaria provincial e insular previstas no apartado 3º do ACM de 1/10/2024, vinculadas á declaración como zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil (ZAGEPC) efectuada respecto do territorio afectado como consecuencia dos incendios forestais, inundacións e outros fenómenos de distinta natureza acaecidos entre o 27/02/2024 e o 14/09/2024, que se relacionan no anexo da convocatoria, nas comunidades autónomas de Andalucía, Aragón, Canarias, Castela-A Mancha, Castela e León, Cataluña, Comunidad de Madrid, Comunidade Foral de Navarra, Comunitat Valenciana, Extremadura, Galicia, Illes Balears, A Rioxa e Región de Murcia.

**Obxecto:** As subvencións destinaranse a financiar os proxectos directamente relacionados cos sinistros detallados no anexo da convocatoria, que executen os concellos, os cabidos e os consellos insulares, as deputacións provinciais ou as comunidades autónomas uniprovinciais, as comarcas e as mancomunidades nos termos municipais e núcleos de poboación, relativos ás obras de reparación ou restitución de infraestruturas, equipamentos ou instalacións e servizos de titularidade municipal e das mancomunidades, incluídos no art. 25.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril RBRL, e da rede viaria das deputacións provinciais, dos cabidos e os consellos insulares ou, no seu caso, das comunidades autónomas uniprovinciais, dos danos producidos polos episodios que motivaron a declaración de ZAGEPC obxecto desta convocatoria.

**Convoca:** Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática

**Prazo:** Ata as 15:00 horas do día 6/02/2025.

**Real Decreto 1278/2024, do 17 de decembro, polo que se regula a concesión directa de subvencións para cooperación internacional ao desenvolvemento sostible pola Secretaría de Estado de Cooperación Internacional do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación. (Boletín Oficial del Estado, Num: 304, 18-12-2024, Páx: 173554)**

**Destinatarios:** As entidades beneficiarias destas subvencións serán as seguintes: a) Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP). b) Confederación de Fondos de Cooperación e Solidariedade (CONFOCOS). c) Fundación Real Instituto Elcano de Estudo Internacionais e Estratéxicos. d) Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE). e) Rede Española para o Desenvolvemento Sostible (REDS).

**Obxecto:** Regular a concesión directa de subvencións en materia de cooperación internacional ao desenvolvemento sostible

**Convoca:** Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación

**Prazo:** 10 días desde a entrada en vigor deste real decreto



## CONVOCATORIAS

**Real Decreto 1221/2024, do 3 de decembro, polo que se regula a concesión directa de determinadas subvencións no ámbito do medio ambiente para o exercicio orzamentario 2024. (Boletín Oficial del Estado, Num: 292, 04-12-2024, Páx: 164753)**

**Destinatarios:** Consultar o Artigo 2. Beneficiarios e actuacións a financiar.

**Obxecto:** Regular a concesión directa de subvencións, con carácter excepcional e por razóns de interese público e social.

**Convoca:** Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico

**Prazo:** Consultar este Real decreto.

**Unión europea****Convocatoria EMFAF: Especialización intelixente e cultivo rexenerativo de océanos**

**Destinatarios:** Organizacións públicas e privadas, incluídas autoridades rexionais, centros de investigación e empresas do sector marítimo e pesqueiro, con capacidade para implementar proxectos de desenvolvemento e innovación nestes sectores.

**Obxecto:** Convocatoria dentro do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (EMFAF). Esta convocatoria está dirixida a apoiar proxectos relacionados coa especialización intelixente e o cultivo rexenerativo nos océanos, promovendo a sustentabilidade e a innovación na agricultura mariña.

**Convoca:** Comisión Europea

**Prazo:** Ata o 18 de febreiro de 2025

**Convocatoria para rexións asociadas - Bioprotect: Misión Océanos e Augas**

**Destinatarios:** Autoridades locais e/o rexionais dos Estados membros da UE, países ultraperiféricos e países asociados ao programa Horizon Europe.

**Obxecto:** Dentro da Misión Océanos e Augas, abriuse a convocatoria Bioprotect para rexións asociadas, co obxectivo de mellorar as ferramentas para protexer e restaurar a biodiversidade e proporcionar retroalimentación para perfeccionar e fortalecer estas ferramentas. As Rexións Asociadas tamén recibirán formación e acceso a asistencia técnica para o desenvolvemento de follas de roteiro, plans, proxectos e outros recursos que axuden a superar as brechas de coñecemento e habilidades.

**Convoca:** Comisión Europea

**Prazo:** Ata o 1 de xaneiro de 2025

**Segunda convocatoria de financiamento de proxectos internacionais de I+D+i para o sector agroalimentario, Agroecology**

**Destinatarios:** Consultar  texto da convocatoria: <https://r.envios.cdti.es/mk/cl/f/sh/1t6Af4OiGsF30kn3UIdV358UI1wHKw/MF3psLQdPPOq>

**Obxecto:** A convocatoria abordará dous grandes temas:

1. Determinar e avaliar os beneficios e impactos da agroecoloxía, e identificar as mellores prácticas.
2. Transformar as cadeas de valor, os modelos de negocio e as políticas para facilitar a



## CONVOCATORIAS

transición cara á agroecoloxía.

As propostas deberán dirixirse a un dos temas, focalizando, polo menos, nun dos subtemas descritos na convocatoria.

**Convoca:** Agroecology

**Prazo:** A fase de prepropostas estará aberta ata o 17 de febreiro de 2025.

### **Primeira convocatoria de financiamento de proxectos internacionais de I+D+i para o sector agroalimentario - FutureFoodS**

**Destinatarios:** Todos os documentos relevantes e o punto de partida para elaborar unha proposta atópanse na plataforma de presentación en liña: <https://futurefoods.ptj.de>

**Obxecto:** A convocatoria ofrece financiamento para proxectos innovadores que contribúan a un dos seguintes temas:

Tema 1: O camiño cara a sistemas alimentarios sostibles e resilientes.

Tema 2: Novos alimentos : fomento de innovacións no deseño, procesamento e subministración de alimentos mediante a reorientación da demanda e a oferta.

Tema 3: Potenciar opcións alimentarias sostibles : contornas alimentarias propicias e cambios na dieta

**Convoca:** FutureFoodS

**Prazo:** Ata o 15 de xaneiro de 2025

### **Internacional**

### **Chamada Eureka Globalstars Uruguay para proxectos internacionais de I+D en hidróxeno verde e tecnoloxías derivadas**

**Destinatarios:** Empresas españolas e uruguaias

**Obxecto:** Ten como obxectivo promover a xeración de proxectos internacionais de I+D en hidróxeno verde e tecnoloxías derivadas entre empresas de Uruguay e dos países Eureka participantes, entre eles, España. Como todos os proxectos Eureka, as propostas deberán perseguir a obtención dun novo produto, proceso ou servizo innovador orientado ao mercado e de uso civil.

**Convoca:** Eureka e a Axencia Nacional de Investigación e Innovación de Uruguay (ANII)

**Prazo:** Finaliza o 11 de abril de 2025

### **Convocatoria de proxectos de Globalstars Uruguay**

**Destinatarios:** O proxecto de I+D debe incluír polo menos dúas empresas mutuamente independentes, unha de Uruguai e a outra de calquera país participante de Eureka nesta convocatoria

As partes enumeradas anteriormente deben ser partes non relacionadas (é dicir, non deben existir intereses de propiedade directos, indirectos, beneficiosos ou construtivos entre estas partes).

**Obxecto:** Formar parte dun consorcio para un proxecto de cooperación tecnolóxica internacional España - Uruguay, no marco da convocatoria Globalstars Uruguay para proxectos en hidróxeno verde e tecnoloxías derivadas.

Expoñen desenvolver novas solucións e materiais para a almacenaxe e transporte de hidróxeno que melloren a impermeabilidade ante fugas. Orientadas á súa manipulación en estado líquido a temperaturas inferiores a -253 °C, para o sector aeronáutico, aínda que tamén sería extrapolable a outros sectores de mobilidade sostible.

## CONVOCATORIAS

A empresa española deberá ter capacidades para o desenvolvemento de solucións de pila de hidróxeno orientadas ao sector aeroespacial.

**Convoca:** Programa de financiación Eureka: Globalstars

**Prazo:** Ata: 11 de abril de 2025 17:00 CEST

### EMPREGO PÚBLICO

#### Unión europea

#### **Aviso de Vacante na AEMA: Expert - Circular economy, sustainable finance and economy analysis**

**Destinatarios:** EEA/AD/2024/18: Experto - Economía circular, finanzas sostibles e análise económica

**Obxecto:** A Axencia Europea de Medio Ambiente (AEMA) organiza un concurso aberto con vistas a establecer unha lista de reserva de expertos para traballar no ámbito da economía circular, a análise económica e as finanzas sostibles.

**Convoca:** AEMA

**Prazo:** Data límite: 20 de xaneiro de 2025

#### **Vacante de experto para a Axencia Europea de Medioambiente (AEMA). EEA/CA/2024/15: Expert - Communication (FGIV).**

**Destinatarios:** Os candidatos que postulen deberán cumprir os seguintes criterios de elixibilidade na data límite para a presentación de solicitudes:

- a) Completar con éxito estudos universitarios acreditados por un título relevante no campo en cuestión de polo menos 3 anos de duración;
- b) Un mínimo de 3 anos de experiencia profesional relevante despois de obter a cualificación establecida anteriormente.

**Obxecto:** A Axencia Europea de Medio Ambiente (AEMA) está a organizar un concurso aberto con vistas a establecer unha lista de reserva de expertos para traballar na área do cambio climático na Secretaría do Comité Asesor Científico Europeo sobre Cambio Climático.

**Convoca:** Axencia Europea de Medio Ambiente (AEMA)

**Prazo:** Ata o 6 de xaneiro de 2025 a medianoite (hora de Copenhague)

#### **Convocatoria para novo grupo de alto nivel “European Board on Agriculture and Food”**

**Destinatarios:** O grupo estará composto por organizacións de partes interesadas que operarán e representarán ás partes interesadas a nivel da Unión. As organizacións representarán á comunidade agrícola, a outros actores da cadea de subministración alimentaria ou á sociedade civil (mesmo en ámbitos como o medio ambiente e o clima, o benestar animal ou as cuestións dos consumidores).

**Obxecto:** En setembro de 2023, a presidenta Ursula von der Leyen anunciou no seu discurso sobre o estado da Unión o Diálogo estratéxico sobre o futuro da agricultura da UE, que se puxo en marcha en xaneiro de 2024.

Sobre a base deste documento, a Comisión desexa fomentar unha nova cultura de cooperación e diálogo entre as partes interesadas. Mediante a Decisión do 4 de decembro de 2024, a Comisión creou o Grupo de expertos de alto nivel «European Board on Agriculture and Food».

## CONVOCATORIAS

A Comisión convocou a presentación de candidaturas (ata o 8 de xaneiro 2025) con vistas a seleccionar aos 30 membros do grupo.

**Convoca:** Comisión Europea

**Prazo:** Ata o 8 de xaneiro 2025

### PREMIOS

#### Internacional

##### Mobile World Capital Awards

**Destinatarios:** Calquera organización xurídica sen restrición algunha por motivos do seu tamaño ou situación xeográfica.

Por tanto, poden participar todas as entidades que se clasifiquen nalgunha destas cinco categorías:

- Empresas
- Pemes e Startups
- Sen ánimo de lucro e Sociedades con Propósito (SBIC)
- Academia e Centros de investigación
- Institucións públicas

**Obxecto:** Premios internacionais para recoñecer e recompensar os mellores proxectos innovadores na transición dixital responsable que contribúen aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030 de Nacións Unidas e á xeración dun impacto positivo.

Proxectos de base tecnolóxica que demostren un compromiso social, ambiental e de boa gobernanza a través do uso humanista da tecnoloxía.

**Convoca:** Mobile World Capital

**Prazo:** 18/03/2025

## ACTIVIDADES

## CONGRESOS

## Internacional

**XIII Congreso da AEC. Cambio Climático e Sociedade: da Ciencia Básica aos Servizos Climáticos**

**Contido:** O XIII Congreso Internacional da Asociación Española de Climatoloxía (AEC), programado para xaneiro de 2025, céntrase no cambio climático baixo o lema “Da ciencia básica aos servizos climáticos”. Este evento reunirá a expertos en ciencias do clima, estudantes e profesionais de sectores relacionados para explorar temas cruciais como a variabilidade climática, os impactos sociais do cambio climático e o desenvolvemento de servizos climáticos efectivos.

O programa inclúe talleres previos ao congreso, como un sobre estratexias de comunicación climática, deseñado para mellorar a forma de transmitir a crise climática a diversos públicos. Tamén levará a cabo un coloquio para doctorandos, enfocado en compartir enfoques metodolóxicos e xerar redes de colaboración.

**Lugar:** Real Centro Universitario María Cristina. Paseo de los Alamillos, San Lorenzo de El Escorial, Madrid.

**Organizador:** AEC. Universidade Complutense de Madrid. AEMET

**Data de inicio:** 22-01-2025

**Data de fin:** 24-01-2025

## OUTRAS ACTIVIDADES

## Unión europea

**Platform Meeting - Plastic waste prevention and reuse systems**

**Contido:** Encontro de Plataforma – Sistemas de prevención e reutilización de residuos plásticos. Esta reunión, organizada polo proxecto LIFE-IP C-MARTLIFE, celebrarase do 10 ao 12 de febreiro de 2025 e centrarase en solucións innovadoras para previr e reutilizar os residuos plásticos, coa participación de varios proxectos LIFE clave e outras partes interesadas relevantes.

**Organizador:** European Commission

**Data de inicio:** 10-02-2025

**Data de fin:** 12-02-2025

**Networking meeting on LIFE and innovative funding for nature**

**Contido:** Encontro de networking sobre LIFE e financiamento innovador para a natureza. A reunión en liña, que se celebrará os días 5 e 6 de febreiro de 2025, utilizará a experiencia adquirida nos proxectos LIFE para mostrar e explorar mecanismos de financiamento innovadores, incluídas contribucións do sector privado, para a conservación e restauración da natureza.

**Lugar:** Online only

**Organizador:** European Commission

**Data de inicio:** 05-02-2025

## ACTIVIDADES

**Data de fin:** 06-02-2025

### **Networking Meeting - Key challenges to upscaling nature restoration in the EU - learning from LIFE experience**

**Contido:** Reunión de networking - Desafíos clave para potenciar a restauración da natureza na UE - aprender da experiencia LIFE A reunión en liña, que terá lugar os días 20 e 21 de marzo, destacará solucións para ampliar a restauración da natureza na UE, baseándose nas experiencias dos proxectos LIFE. Discutiranse os desafíos clave e as estratexias exitosas destes proxectos para promover unha restauración efectiva da natureza en toda Europa.

**Organizador:** European Commission

**Data de inicio:** 20-03-2025

**Data de fin:** 21-03-2025





## BIBLIOGRAFÍA

### MONOGRAFÍAS

**Unha ollada ao metano en 2024. PNUMA**

**Humidais, vitais para a supervivencia humana - CEACV**

**Biodiversidade, clima e fenoloxía. Traballando coa ciencia cidadá. “Unidade Didáctica Fenoloxía” Dossier de apoio á APP BioClima. Setembro 2024 - Centre d'Educació Ambiental da Comunitat Valenciana**

**Feminización da pobreza. Estereotipos de xénero e atención sociosanitaria: por unha análise da pobreza e a exclusión social nas mulleres. EAPN España, Decembro 2024**

**Pon por diante as primeiras erres - Guía para reducir e reutilizar os residuos das nosas actividades. Centre d'Educació Ambiental de la Comunitat Valenciana**

**Resumo do Informe Climatolóxico de Novembro de 2024 - MeteoGalicia**

### RECURSOS ELECTRÓNICOS

**Spain 2024 circular economy country profile - AEMA**

**Improving recycling quality will support circular economy - AEMA**

**Contaminación por PFAS nas augas europeas - AEMA**

**Informes da AEMA sobre a calidade do aire: impactos na saúde e nos ecosistemas**

**Atlas mundial de zonas críticas de turberas 2024, UNEP**

**Avaliación mundial do óxido nítrico, UNEP**


**AEMA Sinais 2024 - Cara a unhas augas saudables e resilientes en Europa**

## BIBLIOGRAFÍA

### **Novidades Bibliográficas Decembro 2024 - CEIDA**

### **Energy Prospectives 2024 - Fundación Naturgy**

### **A fiscalidade do sector da enerxía eléctrica en España na actualidade**



# BOLETÍN DE NFORMACIÓN AMBIENTAL



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
MEDIO AMBIENTE E  
CAMBIO CLIMÁTICO